



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES

Caparrini Marín, Natalia
Cuiñas Gómez, Íñigo
Fernández Prieto, Marta
García Señorán, María del Mar
Gómez Fraiz, Santiago
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A

Bueno Alonso, Jorge Luis
Collazo Fernández, Antonio
Pérez Cota Manuel
Pino García, Antonio
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vallejo Pousada Rafael

PDI-B

ESTUDANTES

Díaz Casaleiro, Tomás
López Rodríguez, Andrea
Moldes Pita, Óscar
Rodríguez Varela, Diego

PAS

Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Castro Cerdada, María Luisa
García Fontán, Soledad
García-Pintos Escuder, Adela
Llamas Nistal, Martín
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 7 de febreiro de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día 7 de febreiro de 2017 ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 16 de decembro e extraordinarias do 23 de decembro de 2016 e 20 de xaneiro de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18 e os criterios de puntuación.
4. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2018/19.
5. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias para o curso 2017/18.
7. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2017/18.
8. Proposta de nomeamento, se procede, de representantes na Comisión de Mobilidade Internacional da UVigo.
9. Aprobación, se procede, dos prezos mensuais nos complexos residenciais O Castro (Vigo) e As Burgas (Ourense) e no complexo residencial concertado Alcai (Allariz) para o curso 2017/18.
10. Declaración de apoio institucional á participación do estudantado no Consello Galego de Universidades.
11. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Luis Miguel Muleiro Parada contra a aprobación da oferta de emprego público do PDI, e solicitando novos criterios de selección das áreas de coñecemento, aplicación da antigüidade, e elaboración dunha normativa.

12. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Jaime Aneiros Pereira sobre a inclusión dos criterios de antigüidade na oferta de emprego público do PDI, corrección de defectos de legalidade e desenvolvemento dunha normativa.
13. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Javier de Agustín Guijarro contra o acordo da COAP de 19/10/16, polo que se acorda desestimar a solicitude de cambio de área de Tradución e Interpretación á área de Filoloxía Francesa.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre as universidades de Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Aveiro, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, Porto e Coimbra e os institutos politécnicos de Leiria, Viana do Castelo e Porto para o desenvolvemento do Campus do Mar – Convenio – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann, Tacna, Perú* – Convenio marco de colaboración entre o *Instituto Politécnico Nacional de los Estados Unidos Mexicanos* e a Universidade de Vigo a través del Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar" – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes de posgrao entre o *Instituto Politécnico Nacional de los Estados Unidos Mexicanos* e a Universidade de Vigo a través del Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar".
15. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI ⁽²⁾
16. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudiante. ⁽²⁾
17. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 2 PDI ⁽²⁾
18. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 16 de decembro e extraordinarias do 23 de decembro de 2016 e 20 de xaneiro de 2017.

Informa o reitor de que non se presentaron alegacións por escrito, e pregunta se algún dos presentes desexa facer algún comentario. O profesor Rafael Vallejo propón algunhas correccións tipográficas e de redacción á acta da sesión ordinaria do 16 decembro de 2016, e solicita que se modifiquen as palabras da vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que aparecen recollidas na acta, dicindo que vai obviar os insultos referidos. Tras un intercambio de opinións entre a secretaria xeral, o profesor Vallejo e a vicerreitora, o reitor lembra que pode solicitar que se recollan as súas achegas, ou para corrixir as súas palabras, pero non as ditas por outro membro do Consello.

Finalmente, o profesor Vallejo solicita que conste en acta, de xeito expreso, que en ningún momento quixo insultar a ninguén, nin a vicerreitora nin a ningún outro membro do Consello de Goberno.

Apróbanse as actas coas alegacións presentadas.

2. Informe do reitor.

a) Informa o reitor acerca das novidades acontecidas na executiva da CRUE de decembro e na última Asemblea da CRUE. En relación co Decreto de títulos, do anterior ministro Wert, lembra que todas as universidades españolas, e a nosa en particular, opuxéronse a este decreto, a través do acordo firme da CRUE de que aquelas que o aplicaran foran expulsadas. Logrando que se mantivera a estrutura de títulos actual, de 4+1. Engade que tras as negociacións mantidas entre a CRUE e o Ministerio, este vai

emitir unha instrución que recolle aqueles aspectos fundamentais que xa figuraban na moratoria: Non se poderá implantar ningún título de Grao de tres anos que estea no catálogo actual de títulos, só no caso de que sexan títulos novos, isto é con competencias profesionais novas, cando menos no 50%, para evitar versións lixeiramente modificadas das titulacións existentes e que os graduados teñan competencias similares. Polo tanto a aplicación vai ser moi reducida. Seguirase o itinerario marcado pola CRUE de realizar unha avaliación da situación actual, e unha comparación coa situación noutros países de Europa, antes de tomar decisións acerca da estrutura de títulos, aspecto no que xa o Consejo de Estado manifestara o seu acordo. Destaca a sintonía co actual ministro na consideración de que suporía unha irregularidade que un mesmo título, con iguais competencias profesionais, puidera ter duracións distintas en dúas universidades do Estado.

Lembra tamén o acordo acadado en materia de acceso á universidade, do que xa deu noticias a prensa.

Destaca o reitor como a noticia máis esperanzadora, na que se levaba negociando dende 2012 cunha implicación especial da nosa Universidade, o inicio dun proceso de negociación co Goberno para a supresión da taxa de reposición, unha política que afectou tan gravemente ás universidades, moi especialmente á nosa, subliña.

A proposta que defende a CRUE é a que fora formulada pola UVigo xa dende 2013, que se suprima a taxa de reposición e autorización de prazas en función das capacidades económicas de cada universidade. Foi difícil acadar o consenso entre as universidades, pola heteroxeneidade das mesmas, pero, unha vez acadado, contouse co apoio de diversos partidos da oposición ao Goberno anterior. A situación de maioría absoluta anterior non permitiu que prosperara esta postura, tan só lograse o incremento da porcentaxe na aplicación de dita taxa. Pero na actualidade, o cambio é favorable, xa que cóntase co acordo do Ministerio de Educación e estase negociando con Ministerio de Facenda. O obxectivo é que esta supresión da taxa de reposición se faga efectiva no 2017, polo que debería incluírse na Lei de Orzamentos do estado. Dado que estamos cos orzamentos prorrogados e que non hai a seguridade de que o goberno logre os apoios necesarios para a aprobación dos novos, propuxo que esta modificación non se vinculase a dita aprobación senón que, existindo un acordo entre todas as partes, se incluíse na memoria da Lei de Orzamentos aínda que se manteña a prórroga dos do ano pasado.

Lembra que o prazo para a aprobación de ditos orzamentos do estado é finais de marzo, polo que agardaremos ata entón para as accións relativas ao persoal, como os programas de intensificación investigadora para os AD que nos permiten a retención do talento, para ver se finalmente se fai efectiva a supresión da taxa de reposición en función de criterios económicos como masa salarial e teito de gasto. De ser así, poderase retornar ás convocatorias habituais que permitirán ir reducindo paulatinamente as bolsas de persoal que se crearon nestes anos. Subliña o reitor que, aínda que el é optimista, pode ser que non se acade a totalidade do acordo porque, a pesar de que logrouse demostrar coa presentación dun documento rigoroso, que coa a taxa de reposición os gastos son superiores, o Ministerio de Facenda dubida da capacidade de control que as Comunidades autónomas poidan exercer sobre o teito de gasto das universidades. Finaliza este punto indicando que o que parece máis factible, no caso de non acadarse o acordo completo é que se logre a taxa de reposición dinámica, na que non compute a promoción do persoal e se poida liberar o paso de CD á TU e a CU.

b) Pasa a informar o reitor do acontecido no Consello Galego de Universidades, destacando a modificación do mapa de titulacións. Da conta das reunións mantidas entre os reitores das universidades do SUG e o Conselleiro de educación para establecer os criterios e o calendario para a presentación dos novos títulos de grao e máster, que se pecharán nas próximas semanas. Indica que acordárase facer unha declaración conxunta a finais de febreiro, cando todo estivera definido, pero as recentes declaracións do reitor da UdC en Ferrol en relación cos títulos que van presentar antes de nada, precipitou as actuacións polo que antes, de que os criterios estean completamente acordados, reuniuse con todas as persoas que ocupan os decanatos e direccións dos centros dos tres campus, para explicarlles a situación, da que pasa a informar no Consello de Goberno.

Recorda o reitor que o decreto de títulos da comunidade autonómica de Galicia do ano 2011 establecía como data límite para a supresión dos títulos que non cumpriran coas condicións estipuladas no decreto o ano 2015. Esta norma foise aplicando aos másteres, que foron reestruturados para axustarse ao esixido no decreto, e no caso dos graos, establecíase un plan de viabilidade. Explica que na Universidade de Vigo había oito títulos nesa situación e se estableceron os plans específicos, formulados polos equipos decanais e directivos. Foron presentados no 2015 e no 2016 foron avaliados por expertos externos, que aprobaron todos os plans establecidos, polo tanto poderanse desenvolver ao longo de tres anos. A finais deste mes de xaneiro, foi presentado o informe do 1º ano dese seguimento de viabilidade, que agora estuda a xunta, para determinar se están a lograr os efectos previstos. As titulacións que en Galicia están sometidas a planes de viabilidade son da orde de 25. Destaca o reitor que ata que se coñezan eses resultados non se poden establecer os criterios para a modificación do mapa de titulacións, xa que neses criterios deberá establecerse que títulos singulares ou estratéxicos no SUG quedarán excepciónados, como posibilita o decreto. Na primeira reunión establecéronse uns criterios que permitan determinar a singularidade e a condición de estratéxico, tendo en conta os títulos que ofrezan atribucións profesionais que, de non poder impartirse en Galicia, obrigarían aos estudantes a saír fóra da comunidade, por exemplo, Filosofía. Polo tanto, debe ser único en Galicia e que as atribucións profesionais que confiren tamén sexan únicas. No caso da nosa universidade, a Enxeñaría de Minas cumpre esas condicións.

En segundo lugar, prosigue o reitor, se consideran os títulos que se acollen a modificación do decreto promovida dende a UVigo que indica que cando dous títulos que non cumpren os requirimentos do decreto comparten máis de 90 créditos, porque teñen materias afíns, deben someterse aos plans de viabilidade de modo conxunto. Neste caso están, por exemplo, o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos e Grao en Enxeñaría Agraria da Facultade de Ciencias de Ourense, que ao consideralos de xeito conxunto cumpren os requisitos e, polo tanto, saen do plan de viabilidade. Estes títulos deberán seguir sometidos aos informes dos anos seguintes para consolidarse, pero seguen adiante.

En terceiro lugar, están os títulos que, estando sometidos aos plans de viabilidade, neste primeiro informe anual acadan as condicións esixidas no decreto. Nesta situación se encontran algúns títulos como Dirección e Xestión Pública de Pontevedra, que acadou os 45 alumnos.

No último bloque se encontran os títulos que, a pesar de estar nun plan de viabilidade, non acadan os requirimentos establecidos. Neste caso, explica o reitor, vai defender que se manteñan eses tres anos do plan para aqueles que presenten unha progresión positiva neste primeiro informe. Hai tres títulos da nosa universidade nesa situación, que están preto dos 45 alumnos e amosan un progreso axeitado.

Polo tanto, explica o reitor, antes de comezar o debate de novos títulos é necesario defender os que temos, e engade que os títulos da nosa universidade que están neste grupo están moito mellor situados que os das outras universidades. Tamén da conta da súa queixa ao Conselleiro en relación co procedemento seguido pola Secretaría Xeral de universidades, en cuestión de tempos, xa que non se poden abrir o mapa a novos títulos de grao sen facer esa análise. Explica que a Consellería defende enriquecer o mapa de titulacións para que existan títulos con atribucións profesionais máis adaptadas á sociedade actual, pero sen que creza o conxunto do sistema, debido a razóns demográficas e económicas. Polo tanto, segundo os acordos acadados, para poder establecer un novo título de grao nunha universidade deberá suprimirse outro. Se o título que se solicita é de interese estratéxico para Galicia e a universidade non ten ningún título para suprimir deberá reducir a matrícula de acceso a outros títulos impartidos na facultade ou no campus. Pero, indica o reitor, os que están dicindo que títulos solicitan non din cales pechan ou reducen.

No caso da nosa universidade, na orde do día de hoxe se trae a modificacións de titulacións de grao e máster, e tras informar aos decanatos e direccións dos centros, abríase un prazo ata o 15 de febreiro para a expresión de interese de novos títulos de grao e máster que se aprobarían na sesión do Consello de Goberno de marzo. No caso de que o se precipitaran as decisións pola presentación final dos criterios antes do previsto, celebraríase un CG extraordinario, xa que non se vai presentar a solicitude

dun novo título que non proceda da comunidade universitaria e veña referendada polo Consello de Goberno. Por iso se presentou este procedemento diante dos centros, para recadar os seus intereses de cara ao futuro na evolución dos centros e, aínda que se tramitarán aquelas que soliciten títulos novos que cumpran as características indicadas para a súa implantación no curso 2018/2019, tamén solicitouse unha planificación a máis longo prazo para o 2019/2020 que nos permite posicionarnos no proceso de especialización dos campus, levando a pauta naqueles ámbitos que nos son propios.

c) Prosegue o seu informe o reitor, lembrando que a semana pasada entregáronse as acreditacións aos Centros singulares e Agrupacións estratéxicas, que foron 7, tres da Universidade de Santiago, tres da Universidade de Vigo e un da Universidade da Coruña. Comenta que o máis destacado na prensa foi o anuncio realizado polo Presidente no seu discurso do novo plan de captación de talento senior. Aclara que ese novo programa ven a ser o mesmo que o Oportunius. Manifesta que o acordo da UVigo cos plan de captación, dos que somos promotores pero non coa metodoloxía que está aplicando a Consellería de Economía e Industria nestes programas. Explica que neste momento hai só un Oportunius, pola USC, que tiña urxencia por asinar pola súa situación contractual concreta. Nós temos unha candidata, que está no noso programa de captación de talento que podería asinar o contrato Oportunius, pero as condicións que se recollen na actualidade para os investigadores son inaceptables. Polo que estamos negociando coa Consellería a súa modificación, para ter a seguridade de que se considera persoal da universidade de Vigo, e poder brindar garantías de futuro. Conclúe subliñando que isto pon de manifesto que non existe unha política clara de captación e retención de talento a nivel da comunidade, polo que a UVigo seguirá co seu programa, que sendo máis humilde é mellor que o do goberno galego

d) Informa a continuación do éxito obtido na celebración da I Xornada de Orientación da Universidade de Vigo, celebrada o 26 de xaneiro, na que se atenderon a máis de 1500 estudantes de 26 institutos da provincia de Pontevedra xunto cos orientadores dos centros. Nesta xornada de orientación a Universidade de Vigo abriu as súas portas ao alumando de bacharelato para amosar a través de charlas, stands informativos e obradoiros as titulacións que se están a impartir nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, así como todos os servizos que se ofertan na institución académica. Subliña o reitor que este excelente resultado deriva da coordinación entre os centros, o persoal dos mesmos o estudantado voluntario e os servizos da universidade de Vigo, especialmente o SIOPE. Agradece o esforzo e a complicidade de todos os involucrados no evento.

e) Destaca tamén o reitor o traballo conxunto desenvolvido entre as vicerreitorías de Estudantes do SUG, a Consellería e a CIUG para a elaboración da resolución de avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para curso 2017/2018, que xa está finalizada a redacción e pendente da publicación oficial.

f) Finaliza o reitor dando conta da celebración no día de onte da sesión do consello executivo do Consorcio ZFV no que se aprobou a creación da cátedra Ardán, entre a Universidade e a Zona Franca que estrutura e estabiliza a colaboración de ambas institucións no estudo e investigación da evolución económica de Galicia e dos factores que determinan a competitividade de territorios e empresas. Nestes estudos teñen un papel destacado distintos grupos de investigación integrantes na agrupación estratéxica ECOBAS, única agrupación estratéxica en Galicia do eido xurídico-social, que nos sitúa como líderes na investigación económica. Felicita a Santiago Lago, catedrático de Economía da UVigo, por ser elixido polo Parlamento con un consenso bastante amplo, como representante de Galicia no grupo de expertos que se creará para preparar as bases do novo sistema de financiamento autonómico, clave para o futuro de Galicia nos vindeiros anos.

3. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18 e os criterios de puntuación.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que a proposta que se presenta e se achegou aos membros do Consello de Goberno é similar á de anos anteriores, con pequenos cambios que pasa a explicar.

Comeza indicando que neste ano faise constar de xeito explícito que o goce dun ano sabático é incompatible coa actividade docente en grao e máster, aclarando así dúbidas xurdidas en anteriores ocasións. Considérase que o ano sabático libera do vínculo docente para a realización doutras actividades. Non así no caso do doutoramento, xa que non ten por que suspenderse a dirección dunha tese nun ano completo.

A proposta da mesa sindical, nesta convocatoria ábrese a posibilidade de que para a avaliación do informe das actividades a realizar durante o período sabático, avaliado na vicerreitoría, pódase solicitar informe aos departamentos correspondentes.

Explica que o cambio máis relevante da convocatoria é que se propón a priorización dos candidatos que non gozaran dun ano sabático nos últimos 14 anos, criterio consensuado e aprobado por unanimidade na COAP. Comenta a vicerreitora que na proposta inicialmente presentada, debatida e aprobada na mesa de negociación priorizábase aos candidatos que nunca gozaran de ningún ano sabático sobre os que xa repetiron. Pero na COAP puxéronse de manifesto opinións discrepantes, polo que consensuouse e aprobouse a que se inclúe na proposta actual, que contempla a posibilidade de que unha persoa poida gozar dun ano sabático máis de unha vez na súa traxectoria académica.

Finaliza a vicerreitora indicando que a dotación económica asociada a esta convocatoria é a mesma que o ano anterior, os 40.000 euros recollidos no orzamento da Universidade do 2017, e a proposta de puntuación é a mesma que nos anos anteriores, avaliándose esencialmente sexenios, quinquenios e os anos dedicados á xestión.

Abre o reitor unha rolda de intervencións na que toma a palabra o profesor Bienvenido Diez: Aclara que non puido asistir a esa sesión, pero que lamenta o cambio introducido na COAP ao acordo tomado na mesa de negociación, na que se aprobou que non se podía repetir o goce dun ano sabático. Quere deixar constancia de que a parte social considera que, sempre que un membro do PDI cumpra os requirimentos establecidos, debería ter dereito a un ano sabático para a reciclaxe, adaptación da docencia ou para realizar outras actividades de investigación. Pero habendo moitas candidaturas a un ano sabático, se manifestan en contra de que algunhas persoas poidan repetir, mentres que outras non podan acadar o primeiro.

Responde a vicerreitora que a proposta que inicialmente elevou á COAP foi a aprobada na mesa de negociación, pero en aras do consenso, aprobouse a modificación; engade que se pode ver como funciona este curso e en base ao resultado, actuar nos vindeiros cursos.

Intervén a continuación o representante de estudantes Ernesto Vázquez-Rey, quen expón que na COAP produciuse un intenso debate neste punto, e agradece á vicerreitora a capacidade política de aceptar ese acordo, porque permite un achegamento de posturas que levou ao acordo unánime. Explica que os representantes do seu sector entenderon que a limitación a 14 anos, que é dobre dos anos requiridos para gozar dun ano sabático, supón unha medida progresiva que quedará en revisión este ano e o próximo, decidírase o máis axeitado.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

4. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2018/19.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen lembra que, como xa indicou o reitor, o relativo aos títulos novos será tratado nun próximo Consello de Goberno, que pode ser o ordinario de marzo ou unha sesión extraordinaria, dependendo do calendario que se

fixe dende a Xunta de Galicia. Explica que para non adiar o procedemento habitual se trae neste punto os cambios nos títulos existentes de grao, máster e doutoramento, incluíndo os que, segundo a consideración das axencias de calidade, conlevan un procedemento de modificación ou de verificación. En varios casos son os cambios que se derivan dos procesos de acreditación que se realizaron o ano pasado.

Explica que o calendario é similar ao de anos anteriores, sendo necesario que todos os títulos, coa a aprobación final do Consello Social, se presenten na Consellería de Educación antes do día 1 de agosto. A única modificación do calendario con respecto ao anterior é a proposta de que a aprobación das declaracións de interese, xa que corresponden a modificacións de títulos existentes, se realice na COAP para axilizar o proceso. En todo caso, a memoria final aprobarase no Consello de Goberno.

Finaliza a vicerreitora indicando que esta proposta foi informada favorablemente pola COAP, no que se refire a títulos de Grao e Máster, e pola EIDO, no relativo a doutoramento.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

5. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.

Cede novamente o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen comenta que o documento que se presenta para a súa aprobación foi elaborado polo comité de dirección da Escola Internacional de Doutoramento, e cede a palabra ao seu director para a presentación.

Lembra o director que o regulamento da EIDO foi aprobado no CG en xullo de 2012, antes da posta en marcha dos programas de doutoramento da nova regulación, que tivo lugar en outubro dese ano para o programa do Campus do Mar e en outubro de 2013 para os restantes programas, coincidindo coa posta en marcha da EIDO. De xeito que en xullo de 2014 aprobouse unha primeira modificación de tres artigos do regulamento derivada da modificación introducida polo Ministerio no sistema de cualificación das teses de doutoramento.

Explica o director que a proposta que se presenta recolle os cambios derivados da adaptación ao Real Decreto 195/2016, polo que se aproba a redacción do Suplemento Europeo ao Título Universitario de doutor, e da experiencia destes anos na xestión dos estudos de doutoramento. Indica que o documento xurde dun inicial presentado pola dirección da EIDO diante da Comisión Permanente e posteriormente debatido, modificado e aprobado no comité de dirección, no que están representados a totalidade das persoas que coordinan de programas de doutoramento.

Pasa a continuación a explicar o máis salientable dos cambios propostos. No artigo 8, se elimina o impedimento de participación en máis dun programa de doutoramento, sempre que se teñan liñas de investigación diferenciadas, algo que era só posible nos doutoramentos interuniversitarios, e nos institucionais Campus Mar, Campus Crea ou Campus Auga. En relación coa modificación do artigo 10, explica que se habilitou un procedemento para avaliar méritos equivalentes aos que se recoñecen nun sexenio, e se establece unha limitación a dous directores de tese, coa excepción da cotutela internacional e o doutoramento industrial, nos que se permite un terceiro director ou directora.

Prosegue comentando os cambios introducidos no acceso aos estudos de doutoramento, que inclúen a esixencia dun mínimo 300 ECTS ou estar en posesión dun título universitario oficial que obtivese a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Explica tamén que no artigo 23, referido á simultaneidade, elimínase a referencia a un número concreto de créditos, remitíndose ás normativas da Universidade, a nova Normativa de Permanencia e a de simultaneidade. Continúa comentando aspectos relativos aos tipos de baixas dos estudantes, as limitación na composición de tribunais e a posibilidade de incorporar un artigo xa

publicado como anexo á tese, aínda que non da modalidade de compendio de artigos. No referente á mención internacional, destaca que se incorpora o requirimento da existencia dunha auténtica acción de mobilidade a un país distinto ao de orixe.

O director subliña a modificación do artigo 43 como unha das máis relevantes: recolle a posibilidade de recoller a cotutela internacional como mención especial no propio título, modalidade necesaria para algunhas convocatorias, como o International Joint Doctorate. Tamén se regula, por primeira vez, o doutoramento industrial; redúcese o número de membros das comisións de premios extraordinarios, o que permitirá maior subdivisión dos premios pola súa temática; e finaliza indicando que se reorganizan as disposicións transitorias e adicionais para eliminar aquelas desfasadas pola extinción dos planos de doutoramento de regulacións anteriores.

Trala presentación do director da EIDO, o reitor abre unha rolda de intervencións, na que participa dona Paula Rivera para formular unha cuestión, dende o sector de estudantes, relativa á posibilidade de compatibilizar a realización do doutoramento con estudos de grao dentro da propia Universidade.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado indicando que esa situación non se contempla neste regulamento, porque ten que estar regulado nunha normativa que está pendente de elaboración e aprobación, que é a normativa de simultaneidade, pendente de aprobar. Por iso, retirouse do articulado a referencia ao número de créditos que se poden simultanear, derivando á unha normativa de rango superior.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

6. Aprobación, se procede, do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias para o curso 2017/18.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen lembra que na actual normativa é necesario establecer este teito máximo, que computa o número de horas que se dedican na UVigo a rebaixar o decreto Wert cambiando a normativa de dedicación e as horas que se contemplan como recoñecementos docentes, como os recoñecementos para o desempeño de cargos académicos e os derivados de outras actividades que se computan con posterioridade á súa realización, como direccións de teses de doutoramento, etc. Unha vez computadas todas estas actividades, o sobranse inclúese nunha bolsa que se destina aos centros e aos títulos, no caso de másteres e doutoramentos.

Explica a vicerreitora que a maior parte do cómputo de horas mantense dun ano para outro, salvo pequenas variacións debidas a cambios de regulación, como acontece este ano. Na estimación realizada, considérase que neste ano vaise producir unha diminución nos recoñecementos por dirección de PFC, debido á extinción de títulos, mentres que se incrementarán os derivados da dirección de TFG. De xeito habitual, ambos se compensan. Non obstante, o cambio de regulación nos estudos de doutoramento, fíxo que o número de teses dirixidas no último ano fora inusualmente elevado, o que terá repercusión nos recoñecementos dos tres anos seguintes á defensa da tese. Co fin de non prexudicar á bolsa dos centros, propónse un incremento de 4000 horas totais no teito máximo de horas con respecto ás do ano pasado para compensar este efecto, polo que a bolsa para os centros se mantería ao igual que os demais recoñecementos, en aplicación da normativa. Explica a vicerreitora que este número de horas foi debatido na mesa de negociación sindical e posteriormente na COAP, que emitiu informe favorable.

Na rolda de intervencións posterior, o profesor Bienvenido Díez expón que a representación sindical considera que o número de horas establecido para recoñecemento pola a dirección de TFG é insuficiente. Pero considerando a existencia dunha barreira económica, e intentando ser construtivo, deberíase definir e acordar canto debe ser dedicación a esta dirección de traballos, xa que na realidade é moi superior ao que se recoñece. Considera que hai un compromiso do PDI co estudantado na

dirección deste traballos, para que a aprendizaxe e a calidade sexa elevada. Polo tanto, indica que é necesario analizar este tema, xa que ou ben se axusta a dedicación á dirección dos traballos, ou se incrementa o recoñecemento

Responde a vicerreitora que se nese debate se acorda incrementar o recoñecemento en este concepto, deberase decidir en que outro se reduce. Indica que a medio prazo, cando desaparezan os PFC e, polo tanto, este cómputo estea estabilizado, poderá realizarse este estudo.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2017/18.

A vicerreitora de organización académica e profesorado presenta a proposta, similar á do ano pasado, excepto polas pequena modificacións que explica a continuación. Para títulos de grao a asignación de horas realízase de igual xeito que o ano pasado, aínda que o número de horas pode experimentar algunha variación en función do número de alumnos que é o parámetro fundamental. Na proposta deste ano, destaca a vicerreitora, a docencia en lingua estranxeira (inglés en todas as solicitudes) compútase a través do plan de internacionalización convocado desde a vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais. Explica que as horas solicitadas a través dese plan serán incrementadas ás que resulten do cálculo anterior.

En relación cos títulos de máster, explica a vicerreitora que a proposta é similar á do curso pasado, se ben a redacción está modificada para incluír aspectos que na convocatoria anterior non estaban recollidos no documento, pero aparecían en diversas instrucións mesmo nos orzamentos. Para estes títulos, ademais da docencia en inglés recollida no plan de internacionalización, poderá ofertarse docencia en inglés nos casos en que se recolla na memoria de verificación do título ou naquelas materias nas que esta lingua sexa vehicular, e excepcionalmente para o curso 2017/18 naquelas materias que xa se impartiran en inglés nos cursos precedentes. Subliña que esta excepción se realiza porque no plan de internacionalización non se especificaba con claridade que os másteres tiñan que solicitar a docencia en inglés a través do mesmo, pero para o próximo curso, toda a docencia terá que computarse a través do plan de internacionalización.

Respecto aos programas de doutoramento, explica a vicerreitora que o curso pasado se incorporaron por primeira vez en PDA todas as actividades formativas dos programas de doutoramento como docencia regulada. Polo tanto o documento presenta cambios na redacción, porque no anterior estaba recollido como unha novidade, pero non no cómputo.

Finaliza indicando que o documento foi informado favorablemente pola COAP.

Ábrese unha quenda de intervencións, na que toma a palabra o profesor Rodríguez Martínez, para expoñer que no seu centro, dada a gran cantidade de docencia práctica en laboratorio, afecta especialmente o tamaño medio de grupo de 30 que tiveron este curso. Estima que ese valor impide impartir unha docencia de calidade, polo que propón que se rebaxe a 25 nos ámbitos con elevada docencia práctica. Expón tamén o problema, común a todas as enxeñarías, que supón a elevada cantidade de estudantes repetidores, xa que o cómputo do 15% dos dos/as estudantes de nova matrícula é insuficiente nalgunhas materias. Solicita que se incremente ao 25%. Finalmente, explica que o seu centro non tivo ocasión de acollerse ao plan de internacionalización porque as materias que impartían en inglés non cubrían un cuadrimestre e pregunta se esa docencia pode seguir impartíndose, aínda que non supoña unha mellora na PDA ou un recoñecemento a nivel de horas. Destaca que esta docencia contribúe á captación de estudantado Erasmus.

Intervén a continuación o profesor Cuññas Gómez, quen solicita que conste a súa abstención na votación. Explica que o fai, non porque non crea que deba empregarse un criterio numérico para a

distribución de grupos, como xa trataron na COAP, pero considera que o TMG entendido como unha medida fixa sen ningún factor de corrección, non reflicte a realidade dos centros. Declara que non coñece o sistema axeitado para realizar o cálculo, pero debería analizarse. Fai constar que non vai votar en contra, como outros anos, porque coñece a rolda de negociacións e de axustes que se leva a cabo despois.

Intervén o profesor Pou Saracho, quen reitera a súa postura doutros anos en relación con este punto. Expón que a Escola de Enxeñaría Industrial sempre se opuxo ao sistema cálculo do TMG. Subliña a coincidencia dos tres directores de centros tecnolóxicos na afirmación de que a realidade dos mesmos non encaixa nos números. Tampouco lles encaixa a presencialidade de 8,75, cando outras escolas coas que teñen que competir están en 10, o que considera un inconveniente para os estudantes de Galicia.

Subscribe a petición do director da Escola de Enx. Informática do cómputo do 25% para os estudantes de segunda e sucesivas matrículas, e subliña que as taxas de suspensos nas enxeñarías son un problema estrutural en toda España que a Universidade ten que afrontar. Considera que é necesario modificar xa ese valor, levando a cabo unha transición. A inclusión da liña "As cuestións excepcionais dalgunha titulación serán estudadas pola COAP" non a considera suficiente, porque ao final o TMG está e acaba sendo unha corrección puntual no número de grupos. Considera que se priman os aspectos económicos sobre os de calidade de docencia. Reitera que dende a EEI se pide que volva a analizar esta situación, que os números non sexan tan inflexibles se, como parece a situación económica vai mellorando. Insiste na necesidade de modificar a taxa do 15% nos estudantes repetidores, que pagan máis pola súa matrícula por unhas prácticas que, como logo non computan, se lles acaban validando.

Finaliza facendo constar a súa intención de votar en contra da proposta

A continuación intervén a profesora Rivo López, quen manifesta que o problema do TMG non é só das enxeñarías, así nos Programas Conxuntos "Administración e Dirección de Empresas + Enxeñaría Informática" e "ADE + Dereito, nos que o número de alumnos dobra ao tamaño previsto, xerando un problema físico nos laboratorios. Indica que o centro está desbordado, pensando incluso en reducir a oferta de prazas en aulas informáticas.

Aclara o reitor, antes de ceder a palabra aos vicerreitores para que respondan, que a situación económica, antes de mellorar como se dixo, está empeorando, pero a Universidade de Vigo vai ben e sobrevive porque, a pesar da baixada no financiamento público, acada máis recursos por si mesma, como se comprobou cando se presentou o orzamento da Universidade. Insiste en que é o froito dun modelo de xestión e do traballo conxunto dos membros da mesma, pero o financiamento estrutural que provén da Xunta de Galicia mantense plano.

Vaise intentar que a comisión de seguimento do plan de financiamento actúe para variar algúns aspectos deste plan, como que exista unha equiparación lóxica do custo dos créditos docentes cos créditos clínicos. De conseguirse estas melloras poderanse revisar estes aspectos.

Responde a continuación a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Explica que rebaixar o TMG a 25 é posible, senón se ten en conta ningún dato económico. Lembra que temos 97 millóns de euros destinados aos salarios do persoal e esa modificación suporía un incremento na contratación ao que non se podería facer fronte. Afirmar que na nosa Universidade non se axusta ao tamaño de grupo en función do grao de experimentalidade da titulación, como se solicita, porque se considera que todos os alumnos teñen dereito a ser educado en grupos de tamaño axustado á actividade.

En relación ao indicado polo profesor Pou, fai fincapé en que algunhas universidades teñen un grao de presencialidade maior, pero tamén teñen grupos con número de alumnos moito máis elevados. Cada universidade se organiza dun xeito, continúa, nós realizamos o cómputo de maneira que é o centro o que se autoxestiona e finalmente organiza e decide que materias son as que necesitan maior

presencialidade ou menor tamaño de grupo. Explica tamén que o valor do TMG é un valor que está axustado ao profesorado do que podemos dispor.

En relación co plan de internacionalización, destaca que a oferta en inglés está deseñada para poder captar estudantado estranxeiro e nese sentido unha oferta fraccionada como se viña ofrecendo non resulta eficaz, como pode aclarar o vicerreitor de Extensión universitaria e relacións internacionais.

En resposta ao exposto polo director da Escola de Enx. de Telecomunicacións, comenta que, como xa comentaran na COAP, mantense disposta a considerar calquera proposta de procedemento para a realización dos cálculos do TMG que teña en conta, por unha banda, a situación dos centros con dispoñibilidade de profesorado que poderían ter grupos máis pequenos e, por outra, sen que estableza unha diferenza inxusta entre o estudantado duns títulos e os de outros.

Refírese a vicerreitora ao cómputo do estudantado de segunda e posteriores matrículas, calculado na proposta como o 15% dos de nova matrícula. Recoñece que en moitas universidades se calcula co 20%, pero sobre o número de repetidores, non do total. Subliña que non é factible a consideración do número total destes estudantes e, por outra banda, tampouco se pode incentivar, a pesar de ser consciente da diferenza existente entre titulacións.

Engade que, en base as informacións das que dispón, non se pode dicir que hai estudantes que non poden ir a clase porque non teñen espazo nos laboratorios porque, de coñecerse, esas situacións se solucionan. Insiste en que na vicerreitoría non constan tales dificultades, polo que, se existen, deben ser comunicadas para poder ser solucionadas.

Coincide coa profesora Rivo en que non se deben facer diferenciacións nos TMG por ámbitos, e aclara que as diferencias nos valores que se calculan derivan das diferencias de plantillas existentes na actualidade.

Intervén o vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais en relación cos programas de internacionalización. Aclara que tras os primeiros anos de posta en marcha dos programas de docencia en inglés, realizada a criterio dos centros, chega o momento de realizar unha planificación desa docencia seguindo un certo modelo na procura dun obxectivo concreto. E esa planificación debe realizarse a medio e longo prazo, polo que a convocatoria de incentivos para o plan de internacionalización establece o horizonte 2019-20 para acadar que un centro oferte un cuadrimestre completo de docencia en inglés. Non se esixe para este curso, como se dixo aquí. Subliña que estamos nun momento no que hai que facer un uso lóxico dos recursos e os profesores acreditados para impartir docencia en inglés teñen que estar incluídos nun plan estruturado, non se trata só de horas de PDA, senón de artellar unha docencia que teña un sentido e estea claramente organizada no centro.

Abre o reitor unha segunda rolda de intervencións, na que o profesor Pou Saracho explica que as situacións de dificultades no acceso aos laboratorios polo número excesivo de estudantes non chega á vicerreitoría, porque ante esa situación o profesorado o asume e fai un esforzo na atención ao estudantado, ou lles validan as prácticas dos cursos anteriores. E insiste en que esa é a cuestión, ao alumnado se lle cobra máis nas segundas ou sucesivas matrículas, pero non reciben a parte experimental. Recoñece que economicamente é un problema considerar a totalidade do alumnado no cómputo dos grupos, pero teñen dereito a recibir a totalidade da docencia, e na realidade non é así.

Intervén o profesor Pérez Cota no mesmo sentido, di que o profesorado está a facer esforzos para solucionar estes problemas no momento no que se producen para que o estudantado poda recibir a docencia práctica, acomodando a grupos máis numerosos nos laboratorios, o que repercute negativamente na calidade da docencia. Apunta a posibilidade de explorar vías intermedias que permitan ir diminuíndo progresivamente o valor do TMG, de xeito que se poidan ir compensando as cifras dos estudantes de segunda matrícula. Insiste na importancia de garantir a calidade da docencia, polo que se deben atopar as vías de solución.

Finaliza o reitor reiterando que, coas capacidades económicas que temos, non é factible outra actuación de forma xeneralizada. Recoñece e agradece o esforzo que o profesorado realiza no seu traballo diario, e insiste en que para poder actuar de xeito puntual e localizado nunha situación concreta é necesario que se comunique á vicerreitoría.

Procédese á votación: 22 votos a favor, 6 en contra (nominal do profesor Pou Saracho) e 7 abstencións (nominal do profesor Cuiña Gómez). Apróbase por maioría (**Anexo IV**).

8. Proposta de nomeamento, se procede, de representantes na Comisión de Mobilidade Internacional da UVigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para a presentación do punto. Explica que no Regulamento de Mobilidade Internacional se recolle que os membros da Comisión de Mobilidade Internacional son nomeados polo reitor a proposta do Consello de Goberno. Esta comisión está formada polos coordinadores e coordinadoras de relacións internacionais dos centros, existindo dúas vacantes, a proposta que se presenta é elevar ao reitor o nomeamento de: dona Maribel del Pozo Triviño, vicedecana de Relacións Internacionais da Facultade de Filoloxía e Tradución, e don Higinio González Jorge, subdirector de Relacións Internacionais da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para cubrir ditas prazas.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, dos prezos mensuais nos complexos residenciais O Castro (Vigo) e As Burgas (Ourense) e no complexo residencial concertado Alcai (Allariz) para o curso 2017/18.

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais realiza a presentación da proposta de taxas para as residencias de estudantes citadas para o próximo curso, como se recolle na documentación achegada aos membros do Consello de Goberno. Dita proposta cumpre cos acordos de concesión coas empresas que prestan os servizos.

Apróbase por asentimento (**Anexo V**).

10. Declaración de apoio institucional á participación do estudiantado no Consello Galego de Universidades.

Explica o reitor que este punto se presenta a petición da representación estudantil, realizada no anterior Consello de Goberno. O Equipo de Goberno está de acordo coa solicitude, e pediu que se nos enviara un documento que recollera dita declaración, de xeito que o Consello de Goberno a poida apoiar e achegala á Xunta de Galicia.

O reitor dá lectura á Declaración institucional sobre o apoio a participación do estudiantado no Consello Galego de Universidades que foi achegada aos membros do Consello de Goberno e que se achega a esta acta (**Anexo VI**).

Finalizada a lectura do documento, o reitor felicita ao estudiantado pola redacción do mesmo e solicita do Consello de Goberno o seu apoio a dita declaración.

Intervén o representante do estudiantado, o Sr. Ernesto Vázquez-Rey, quen expresa o seu agradecemento ao Equipo de Goberno este posicionamento, que valora como importante para a obtención do que consideran o seu dereito a participar no Consello Galego de Universidades, que é o órgano de dirección, xestión e control do sistema galego de ensino universitario.

Responde o reitor que a axeitada representatividade dos colectivos non está a rifar cunha correcta gobernanza das institucións, como en ocasións se intenta trasladar, presentando a eficacia na xestión como unha razón para limitar a representatividade. Este equipo defende que a representación dos colectivos é fundamental para unha correcta toma de decisións e boa gobernanza, polo que apoia esta medida. Considera que a ausencia de representación do colectivo do estudiantado no Consello Galego de Universidades é unha eiva importante, especialmente dende que se modificou a lei que permitiu a inclusión de xerencias, colectivos como colexios profesionais, de aí o apoio que o equipo realiza desta petición, darase traslado da mesma e actuarase para que sexa apoiada noutras universidades.

Apróbase por asentimento o apoio a esta declaración de apoio institucional á participación do estudiantado no Consello Galego de Universidades, e ao seu traslado á Xunta de Galicia.

11. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Luis Miguel Muleiro Parada contra a aprobación da oferta de emprego público do PDI, e solicitando novos criterios de selección das áreas de coñecemento, aplicación da antigüidade, e elaboración dunha normativa.

12. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Jaime Aneiros Pereira sobre a inclusión dos criterios de antigüidade na oferta de emprego público do PDI, corrección de defectos de legalidade e desenvolvemento dunha normativa.

O reitor informa de que neste punto da orde do día e no seguinte que abordan o mesmo tema, foron invitados a participar os recorrentes, pero finalmente non asisten a esta sesión. Explica que, posto que o recurso presentado é o mesmo e as argumentacións similares, a secretaria xeral vai presentalos de xeito conxunto.

Cede a palabra á secretaria xeral que indica que, como é habitual achegouse o escrito do recurso xunto co do informe de Asesoría Xurídica solicitado para dar apoio xurídico a toma de decisión deste órgano colexiado. Analizando ditos documentos, se verifica que, excepto a diferenza na presentación dos apartados que é lixeiramente diferente, máis extensa no caso do recurso presentado polo Profesor Jaime Aneiros Pereira, tanto os argumentos xurídicos como as peticións que realizan son idénticas. Tamén son idénticos os informes emitidos polo servizo de Asesoría Xurídica, e polo tanto é lóxico que se traten conxuntamente, xa que a decisión tomada ten que ser a mesma.

Explica que ambos recorrentes se apoian en dous argumentos básicos para apoiar as súas peticións.

En primeiro lugar, consideran que se vulneraron as normas reguladoras da carreira profesional e da planificación do cadro de persoal das administracións públicas, xa que a Universidade de Vigo, no seu regulamento de profesorado non especifica de maneira concreta como se ten que regular dita carreira profesional do profesorado e unicamente se recoñece o dereito a promover a transformación dunha praza noutra para a cal se conte co a debida acreditación.

Tamén consideran os recorrentes que hai unha serie de feitos que podería vulnerar o principio de igualdade na concorrència a esas prazas, como o non emprego do criterio de antigüidade na universidade, nin nas prazas ocupadas actualmente, nin a antigüidade na acreditación; que se teña en conta o número de profesorado de cada área sen considerar a distinta carga docente que poida ter; a reserva de prazas para determinados perfís, sen máis xustificación que a súa propia denominación e sen determinar a necesidade de docencia e a reserva de prazas por ámbitos de coñecemento, igualando ámbitos nos que as necesidades docentes e as cargas docentes no son iguais.

En segundo lugar consideran os profesores que se vulnerou o emprego criterio de antigüidade que segundo o recorrente, o Estatuto Básico del Empregado Público establece a para poder xerar o dereito á promoción interna, xa que as normas da Universidade de Vigo non o teñen en conta á efectos da promoción profesional.

En base a eses dous argumentos solicitan: Que se anule o acordo polo que se aproba a oferta pública de emprego do PDI da UVigo para 2016 e a convocatoria de criterios de selección das áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas PCD/PTU 2016; que se aproben novos criterios de selección das áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas PTU que tomen en consideración a antigüidade e finalmente, que se desenvolva unha normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer, en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica, as posibilidades de promoción profesional na carreira docente do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes

A continuación, a secretaria xeral resume os argumentos recollidos nos informes emitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica.

En relación ao pedimento de que se teña en consideración a antigüidade, os recorrentes baséase en determinados artigos RDL 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A este respecto, o artigo 2.3 do EBEP establece que o persoal docente rexerese pola lexislación específica ditada polo estado e polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, e polo disposto no Estatuto Básico, agás o relativo á carreira profesional e a promoción interna. Polo tanto, continúa o recoñecemento do dereito á promoción do persoal docente da Universidade despréndese doutros textos normativos como son a Lei Orgánica de Universidades, os Estatutos da Universidade de Vigo, tendo en conta o artigo 25 do II Convenio colectivo do persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Deste xeito, non existe a obriga de manter o criterio de antigüidade como norma para a promoción do persoal. Dada que o número de prazas que se pode convocar está limitado polas leis de orzamentos, a Universidade de Vigo no exercicio da súa potestade de organización dos recursos humanos propios, decidiu adoptar uns criterios, negociados previamente cos representantes dos traballadores, e que se estiman correctos, con independencia de que puideran terse proposto outros diferentes.

En relación á alegación de vulneración dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, explica a secretaria xeral que estes refírense ao proceso selectivo en si mesmo, non á tramitación interna que leve a cabo a Universidade para determinar as áreas de coñecemento nas que se convocarán as prazas de profesorado, como o recolle con claridade o art.17.4 do Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo.

Lembra tamén a secretaria xeral que, segundo o artigo 112 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os recursos de alzada e de reposición presentados deben fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade o anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 de dita Lei, pero os recorrentes reclaman que se teña en conta o criterio de antigüidade, sen sinalar as supostas causas que invaliden os criterios aprobados para determinar as áreas.

En base ao exposto, conclúe, procede desestimar o recurso dado que a normativa non impón a obrigatoriedade de aplicar o criterio de antigüidade para determinar as prazas que deben ser obxecto da oferta de emprego público.

Por último, en relación ao pedimento efectuado polos recorrentes de que se desenvolva a normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer e priorizar as posibilidades de promoción profesional na carreira docente do profesorado, é algo que debe valorar o órgano competente. Non obstante, sinalase a dificultade de levalo a cabo ao descoñecer o contido das futuras leis orzamentarias do estado, así como as necesidades docentes que puideran xurdir.

Finalizada a presentación da secretaria xeral, o reitor abre unha quenda de intervencións.

O profesor Reigosa Roger di que non lle sorprende o sentido do informe de Asesoría Xurídica, nin a decisión que probablemente vai tomar o Consello de Goberno. Na sesión na que se aprobaron os criterios votou en contra porque considera que se esquecen os méritos dos candidatos, ao facer o reparto por áreas en función doutro tipo de criterios, solicita que conste o seu voto a favor da postura

dos recorrentes na votación dos dous puntos e, polo tanto a favor de que se admita o recurso. Manifesta o seu desexo de que no futuro, se teñan en conta os méritos das persoas á hora de establecer as promocións na Universidade.

Responde o reitor, lembrando aos membros que non se está a debater os criterios para a oferta de emprego público, xa que non se está a tratar o plan de promoción, senón que se debate uns recursos nos que se solicita que se aplique o criterio de antigüidade, non os méritos. Subliña que o debate en relación coa elección de criterios xa se levou a cabo no seu momento, e os recorrentes non os reclamaron cando se aprobaron, senón que o fan despois da convocatoria da oferta de emprego público. O informe da asesoría xurídica non se detén na extemporaneidade da reclamación e entrou no fondo da reclamación, motivando que non existe argumentos xurídicos para a estimación dos recursos.

Procédese á votación dos puntos por separado. En relación co punto 11, toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Luis Miguel Muleiro Parada , o resultado da mesma é: 27 votos a favor, dous en contra (un nominal do profesor Reigosa Roger) e 5 abstencións.

Votación en relación co punto 12, toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Jaime Aneiros Pereira , o resultado é: 27 votos a favor, dous en contra (un nominal do profesor Reigosa Roger) e 5 abstencións.

13.Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición de D. Javier de Agustín Guijarro contra o acordo da COAP de 19/10/16, polo que se acorda desestimar a solicitude de cambio de área de Tradución e Interpretación á área de Filoloxía Francesa.

O reitor informa de que o recorrente está presente no Consello de Goberno por invitación da Secretaría Xeral, e cede a palabra novamente á secretaria para a presentación do punto, presentando os antecedentes do caso.

Da conta da solicitude de cambio de área do profesor Agustín Guijarro, á área de Filoloxía Francesa, do Departamento de Filoloxía Francesa, Inglesa e Alemá, realizada o 21 de marzo de 2016. Dita solicitude contou cos informes favorables de ambos departamentos, cumpríndose por parte do solicitante todos os requisitos esixidos pola normativa da Universidade de Vigo. A data 5 de setembro de 2016, o Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado comunicalle ao interesado que, revisado o POD do área de procedencia, non procede a autorización do cambio de área. O solicitante, pide o día 11 de outubro, que se lle trasladase o acordo do Consello de Goberno, polo que resolvía a súa solicitude. Finalmente, notificouse ao recorrente o acordo da COAP do 19 de outubro, pola que se acorda desestimar a súa solicitude de cambio de área de tradución e interpretación (Departamento de Tradución e Lingüística) ao área de Filoloxía Francesa (Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá).

A secretaria xeral explica que, no seu recurso, o profesor alega que o acordo se adoptou prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido así como a falta de competencia da COAP para adoptar o acordo.

Segundo a Normativa para o cambio de área de coñecemento do PDI funcionario e do PDI contratado con vinculación permanente da Universidade de Vigo, aprobada no Consello de Goberno do 22/11/2010, o procedemento de solicitudes de modificación de áreas recolle que a solicitude da persoa interesada deberá ir acompañada do seu CV e os informes dos Consellos de Departamento implicados. A COAP estudará a solicitude e presentará unha proposta ao Consello de Goberno, baseada na adecuación curricular da solicitude, na conveniencia e oportunidade do cambio, en atención ás necesidades docentes, na estrutura e perfil docente do cadro de persoal de profesorado e na análise de repercusión no POD. Finalmente, a autorización de cambio de área será aprobada polo Consello de Goberno.

Polo tanto, atendendo a esta normativa, continúa a secretaria xeral, o informe de Asesoría xurídica entende que non se seguiu correctamente o procedemento establecido, xa que lle compete ao Consello de Goberno a toma de decisión neste caso, non estando delegada na COAP dita competencia.

En base ao antedito, a proposta que se presenta é estimar o recurso e acordar retrotraer o procedemento ao momento en que a COAP debe emitir a súa proposta, que deberá estar baseada na adecuación curricular da solicitude, na conveniencia e oportunidade do cambio en atención ás necesidades docentes, na estrutura e perfil docente do cadro de persoal de profesorado e na análise de repercusión no POD, seguindo posteriormente co procedemento establecido.

Cede a palabra ao profesor recorrente para que engada as aclaracións que estime oportunas. O profesor de Agustín Guijarro estima que a presentación dos feitos básicos é correcta, e quere destacar que como solicitante do cambio de área, procedeu en todo momento segundo o establecido na normativa correspondente. En cambio, indica que a autoridade académica manifestouse dun xeito que entende como anómalo, tanto a nivel de consideracións xurídicas como nas propias formas da comunicación, que lle levan a pensar que a universidade non lle prestou a consideración necesaria.

Relata que tras presentar a súa solicitude o día 21 de marzo, non recibe resposta ata que no mes de maio, de xeito oficioso enterrase de maneira oficiosa de que foi desestimada. Dado que segue sen recibir comunicación oficial, o 28 de xullo solicita que se lle notifique a resolución á Vicerreitoría de Organización académica e profesorado. En setembro recibe unha notificación na que se lle comunica a resolución pero sen mencionar a data do Consello de Goberno, polo que en outubro volve a interesarse polo tema e recibe unha resposta na que se lle indica que no CG de 15 de abril de 2016 delégase na COAP a aprobación das propostas de POD do curso 2016/17 así como a saída de prazas a concurso. Entendendo que o cambio de área non está incluída nesa delegación, en novembro presentou o recurso que se presenta hoxe. Aínda que xa non agardaba unha resposta, o 4 de febreiro descobre que na orde do día do CG se recolle a toma en consideración do seu recurso, sen que se lle comunicara oficialmente. Polo tanto solicita por correo electrónico a súa intervención neste consello á Secretaría Xeral, recibindo unha invitación a que da lectura, e cuxa redacción non lle parece acaída.

Responde o reitor que no que respecta ao recurso presentado, o proceso seguiu de xeito habitual coa solicitude de informes, e presentación no consello de goberno para a toma de decisión que competa, neste caso a súa estimación. En relación co tema da comunicación, se non se levou a cabo de forma correcta, e na medida en que o equipo de goberno poida ser responsable, debemos solicitar desculpas. Engade que, aínda que entende a susceptibilidade, a comunicación que recibiu de Secretaría Xeral é a que recibiría igual, aínda que non a tivera solicitado, como se fai sempre que hai interesados particulares nun punto concreto. Prega que non se desprenda do texto ningunha desconsideración.

Pregunta o profeso con canto tempo de anticipación se realiza a invitación. Responde a secretaria xeral que non se realiza no día no que se envía a orde do día, xa que se agarda para ver se hai solicitudes de asistencia. No caso de que non se solicite por parte dos interesados, a Secretaría Xeral emite unha invitación de oficio. Lembra tamén que, en ocasións, se reciben solicitudes de asistencia que deben ser rexeitadas por non ser persoas interesadas, ou por tratarse de temas xenéricos que afectan a todo un colectivo. Neste caso particular, continúa a secretaria, se emitiron as invitacións con un pouco de retraso por problemas no envío da documentación.

Intervén o profesor Bienvenido Díez para solicitar que este tipo de peticións se tramiten coa maior celeridade, e que neste caso, no caso de que se acepte o cambio de área, se aprobe no próximo Consello de Goberno para que os cambios poidan aplicarse no seguinte POD.

A vicerreitora de Organización académica e profesorado, recoñece que como indica o informe de asesoría xurídica houbo un erro na tramitación desta solicitude, que asume persoalmente e polo que pide desculpas. Explica que o tramitou xunto co POD, porque de xeito erróneo considerou que a

solicitude estaba resolta, cando non era así. Pensou que estaba resolto pero non o estaba. Aclara tamén que durante o proceso de resolución de recursos, non se establece comunicación co recorrente ata que se resolve e se lle envía a resolución definitiva á persoa ou persoas interesadas.

O profesor Collazo Fernández pregunta se, ao solicitar o informe de Asesoría Xurídica para resolver o recurso, se lle comunica ao interesado a súa existencia para que sexa coñecedor de toda a información.

Responde a secretaria xeral que os informes de Asesoría se solicitan para dar apoio xurídico ao órgano que debe resolver o recurso, polo que non se comunica ao interesado antes de que dito órgano tome a decisión oportuna, que pode ser coincidente co contido do informe ou non. No caso de que o órgano colexiado siga o criterio do informe, na Resolución reitoral que resolve o recurso, se incorporan os contidos fundamentais de dito informe, polo que os fundamentos xurídicos nos que se apoia a decisión se comunican ao interesado. No caso de que o interesado solicite o informe completo, tamén se lle fai chegar, pero, reitera, nunca antes de que o órgano correspondente tome a decisión sobre o recurso.

Lembra o reitor que a proposta do Goberno é seguir o informe da Asesoría, estimando o recurso. Destaca que isto demostra que o funcionamento deste servizo é totalmente autónomo, o que permite detectar erros ou funcionamentos non acaídos, dando seguridade xurídica ao funcionamento do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

14.Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre as universidades de Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Aveiro, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, Porto e Coimbra e os institutos politécnicos de Leiria, Viana do Castelo e Porto para o desenvolvemento do Campus do Mar – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann, Tacna, Perú – Convenio marco de colaboración entre o Instituto Politécnico Nacional de los Estados Unidos Mexicanos e a Universidade de Vigo a través del Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar" – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes de posgrao entre o Instituto Politécnico Nacional de los Estados Unidos Mexicanos e a Universidade de Vigo a través del Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar".

Apróbanse por asentimento.

15.Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 2 PDI.

Indica o reitor que non se presentaron candidaturas, polo que quedan vacantes para o próximo Consello de Goberno.

16.Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudiante.

Non se presentaron candidaturas.

17.Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 2 PDI.

Informa o reitor de que presentáronse dúas candidaturas:

- Dna. Susana Reboreda Morillo
- D. Santiago Gómez Fraiz

Posto que o número de candidatos é igual que o de vacantes, non é necesario realizar eleccións.

18. Rogos e preguntas.

Solicita intervir en primeiro lugar dona Paula Rivera, quen á vista das eleccións dos representantes do estudantado nas diversas comisións, solicita que se realice a modificación do regulamento que limita a participación dos estudantes en máis dunha comisión. Apunta o feito de que un dos representantes non quere participar en ditas comisións, o cal limita as súas posibilidades de representar ao seu sector e leva a non poder cubrir as vacantes nas sucesivas eleccións.

O Sr. Ernesto Vázquez-Rey incide na necesidade desa modificación para favorecer a participación dos representantes do seu sector. Así mesmo, indica que, xa que o estudante que non participa nas comisións é o representante designado especificamente polo reitor, solicita que se lle dea unha chamada de atención.

Intervén tamén o representante do estudantado, Sr. Diego Rodríguez, quen pregunta acerca da convalidación de créditos por actividades extraacadémicas. En primeiro lugar, pregunta por qué ademais de ter que aboar a matrícula dos cursos, en ocasións moi elevada, deben pagar novamente para a súa validación. En segundo lugar, solicita que se lle aclara a razón de que a validación se realice por un cinco, cando esa cualificación non se computa no expediente.

O profesor Bienvenido Diez presenta dou rogos. O primeiro, en relación co informe do reitor, no que se dixo que se estaba a negociar a eliminación da taxa de reposición, polo que se felicitan, pero lle preocupa o retraso na convocatoria do plan de promoción de retención de talento. Na súa opinión deben manterse as mesmas datas, xa que este retraso pode deixar aos investigadores en terra de ninguén, polo que roga que se manteña e se produza a retirada progresiva deses fondos. En segundo lugar, manifesta o apoio das forzas sindicais para loitar contra das restricións económicas da Xunta de Galicia e tamén está de acordo no recoñecemento do reitor de que tanto o PDI como o PAS da Universidade está a facer un esforzo por enriba das horas que se recoñecen, pero realiza o rogo xa presentado noutras ocasións de calcular a dedicación real do profesorado, con independencia do que se recoñeza no POD. Considera que, a pesar do compromiso coa institución e a vontade de traballar na súa defensa e en fávora da súa sostibilidade, pero tamén é necesario que se poida determinar cal é a magnitude dese esforzo, é necesario que se determine cal é o obxectivo. Recoñece a capacidade da vicerreitora de Organización Académica e Profesorado e do vicerreitor de Planificación na solución dos problemas a medida que se orixinan, pero tamén debe recoñecerse o da comunidade.

En relación co rogo dos representantes dos estudantes, indica o reitor que coa modificación dos Estatutos, cambiaranse ditas normas, pero encargará á secretaría xeral ver como se pode solucionar nas condicións actuais.

Responde ao profesor Diez que se manterán as convocatorias de retención de talento e a de intensificación investigadora. O calendario de convocatorias non se verá modificado, pero no caso de que as condicións cambien de xeito favorable en marzo, podería significar que non sexa necesario realizar a convocatoria de intensificación, xa que teríamos máis capacidade de acción.

Cede a palabra á vicerreitora de Estudantes para responder aos rogos, en relación coa validación de créditos por actividades extraescolares. A vicerreitora explica que no expediente aparecen os créditos como "recoñecidos". En moitas ocasións se fai constar así, pero para aqueles procedementos nos que compute a cualificación numérica, unha normativa estatal establece a equivalencia de ese recoñecemento nun 5,5. Polo tanto, non é unha decisión da universidade que poidamos modificar.

En relación cos prezos, está recollido na nosa normativa o pago do 25%, importe que en ocasións é prexudicial para a institución, e pon como exemplo a validación de prácticas extracurriculares por curriculares, que supón o mesmo traballo do profesor implicado na titorización é o mesmo, o alumno

paga só a cuarta parte da matrícula da materia. Esa é a taxa que se regulou na Universidade para todos os recoñecementos en xeral, con independencia de se o curso ou a actividade validados teñen custo ou non. Finaliza a vicerreitora indicando que se pode estudar, por ver se se pode facer algo máis.

Engade o reitor que valorarase a posibilidade de facer un esforzo máis, pero destaca que noutras universidades se paga a totalidade da matrícula.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado intervéñ para responder ao profesor Diez, no relativo ás convocatorias. En relación coa convocatoria de retención de talento, indica que este ano non hai ningún investigador Ramón e Cajal que estea rematando o seu contrato. As dúas persoas que veñen de rematalo, xa están incluídas na convocatoria anterior. En canto a de intensificación investigadora para AD convocouse no mes de xullo, polo que estima que se van manter os prazos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:10 h do día 7 de febreiro de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



Gloria M. Pena Uris